

### XIII.- VIXENCIA DO CONVENIO, PRÓRROGA OU MODIFICACIÓN

1. El presente convenio de colaboración terá carácter retroactivo para os efectos de imputación dos gastos e abranguerá os devengados desde o día 1.01.2015, sen que en ningún caso sexan subvencionables os gastos devengados con anterioridade a dita data e conservará a súa vixencia ata o día 30.06.2016.

2. Para o caso de que a ENTIDADE BENEFICIARIA non poida ter adquirido o ben e presentada a xustificación antes do día 30.04.2016, deberá solicitar antes desta data, a prórroga do prazo inicial, achegando unha solicitude motivada, co fin de que a Deputación poida acreditar a existencia de crédito adecuado e suficiente para o pago que proceda, do importe correctamente xustificado do importe correctamente xustificado. Acreditada esta circunstancia, a Deputación poderá conceder a prórroga solicitada, que en ningún caso poderá exceder do 30.06.2016. A esta data, o convenio quedará definitivamente extinguido, de xeito que a ENTIDADE BENEFICIARIA perderá o dereito ao cobro do importe correspondente á cuantía non xustificada a dita data.

3. Tamén, por acordo expreso de ambas as dúas partes e previos os informes da Unidade Xestora, do servizo de Patrimonio e Contratación, da Secretaría e da Intervención da Deputación, o convenio poderá ser obxecto de modificación. En ningún caso, se poderá modificar el convenio variando sustancialmente el obxecto da subvención concedida e prevista nominativamente por acordo plenario.

### XIV.- NATURALEZA, INTERPRETACIÓN, MODIFICACIÓN E XURISDICCIÓN COMPETENTE

1. O presente convenio ten naturaleza administrativa e para resolver as dúbidas que xurdan na interpretación das súas cláusulas aplicaranse as disposicións contidas na Lei 38/2003, de 18 de novembro, xeral de Subvencións, e na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia. Supletoriamente aplicarase a lexislación de contratos do sector público.

2. A interpretación das dúbidas e lagoas que poíran xurdir na aplicación do presente convenio corresponderalle ao Presidente da Deputación, previos os informes preceptivos da Unidade xestora, da Secretaría e da Intervención provincial.

3. Corresponderalle aos órganos da xurisdicción contencioso-administrativa, segundo a distribución de competencias prevista na Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora de dita xurisdicción, o coñecemento das cuestións litixiosas que poidan xurdir como consecuencia do presente convenio.

Faise constar que o presente convenio foi aprobado por acordo do Pleno Corporativo de data 30 de decembro do 2015.

E en proba de conformidade, asinan por cuadruplicado exemplar o presente convenio, no lugar e data indicados no encabezamento.

O PRESIDENTE, P.D.  
O DEPUTADO DE ECONOMÍA, FACENDA, CONTAS, PERSONAL E RÉXIME  
INTERIOR

Asdo.: Antonio Leira Piñeiro

O PRESIDENTE DO FOGAR GALEGO PARA ANCIÁNS DE  
BOS AIRES

Asdo: Ignacio Turnes Duro



DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA  
SERVIZO DE CONTRATACION

Número 9/2016

CONVENIO DE COLABORACION ENTRE A DEPUTACION PROVINCIAL DA CORUÑA E O HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS DE BUENOS AIRES (ARXENTINA), PARA O COFINANCIAMENTO DOS GASTOS DE FUNCIONAMETO DO FOGAR DE ACOLLIDA NO ANO 2015

Na Coruña o 13 de xaneiro de 2016

### REUNIDOS

Dunha parte D. Antonio Leira Piñeiro, Deputado de Economía, Facenda, Contas e Régime Interior, en virtude das resolucións da Presidencia num. 15671/2015 e num. 16642/2015, polas que se lle delega competencia para asinar convenios da súa área, e

E doutra parte, D. IGNACIO TURNES DURO, Vicepresidente do HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS DE BUENOS AIRES, en representación do mesmo.

Os comparecentes interveñen en uso das facultades que, por razón dos seus cargos, teñen atribuídas

### MANIFESTAN

O Hogar Gallego Para Ancianos de Buenos Aires é unha asociación civil, sen ánimo de lucro, de carácter benéfico, constituída no ano 1943, ao amparo da lexislación da República Arxentina, con sede social na rúa Moreno 1270 – 2º, de Bos Aires (Arxentina) que, segundo os seus estatutos, ten como finalidade a protección e socorro mutuo entre os seus asociados, e en xeral a realización dunha labor asistencial e de previsión e axuda para as persoas mayores, a través da súa Residencia Domselaar, sita no Municipio de San Vicente.

A Lei 40/2006, do 14 de decembro, pola que se aproba o Estatuto da cidadanía española no exterior, constitúe o marco xeral de regulación dos dereitos dos españoles residentes no exterior, e fai un chamamento xeral a todos os poderes públicos para, entre outros aspectos, promover a protección e apoio aos servicios sociais para maiores e dependentes (art. 20), así como á colaboración entre o Estado, as Comunidades Autónomas e as Corporacións locais para a promoción de políticas de protección e retorno.

Os ciudadáns da provincia da Coruña e as institucións que a representan deben mantener unha estreita relación solidaria con aqueles dos seus conciudadáns que por diversas circunstancias se atopan alonxados da súa terra, organizados a través de asociacións que, en moitos casos, son o único vínculo de unión que os galegos e galegas do exterior manteñen coa súa terra de orixe e que, como neste caso, contribúen á súa protección e atención das necesidades básicas, así como ao mantemento dos lazos culturais.

Sendo finalidade común a ambas as dúas entidades a pervivencia das entidades asociativas galegas, co afán de axudar e mellorar a calidad de vida dos galegos no exterior, especialmente aqueles que están más necesitados, de mellorar a divulgación dos valores culturais galegos, e estimando conveniente a realización de actuacións que conlleven garantir o mantemento de vínculos coa comunidade galega no exterior,

### ACORDAN

Formalizar o presente convenio de colaboración conforme ás seguintes cláusulas:

#### I.- OBXECTO

O presente convenio ten por obxecto establecer as bases de colaboración entre a Deputación da Coruña e o HOGAR GALLEGO PARA ANCIANOS DE BUENOS AIRES, da República Arxentina (a beneficiaria, en adiante) para o cofinanciamento dos gastos de funcionamento dos servizos prestados aos usuarios da Residencia Domselaar durante o ano 2015.

#### II.- ORZAMENTO DE GASTOS DA ACTIVIDADE A REALIZAR POLA ENTIDADE BENEFICIARIA

A beneficiaria levará a cabo as actuacións programadas, segundo se definen na cláusula anterior, consonte ao seguinte orzamento:

CONCEPTO	IMPORTE (€)
Honorarios profesionais	15.000,00
Alimentación	32.000,00
Farmacía e pañais xeriátricos	10.000,00
Vixiñanza	3.000,00
<b>TOTAL</b>	<b>60.000,00</b>

#### III.- FINANCIAMENTO PROVINCIAL E OUTROS INGRESOS QUE SE OBTEÑAN OU APORTEM PARA A MESMA FINALIDADE

1. A Deputación da Coruña colaborá no financiamento do proxecto cunha aportación máxima de 40.000,00 €, que equivale ao 66,6667 % de coeficiente de financiamento.

2. No caso de que os gastos xustificados non acasasen os importes totais previstos na cláusula segunda, a Deputación só acherá o importe que represente a porcentaxe do coeficiente de financiamento (66,6667 %) das cantidades efectivamente xustificadas. Agora ben, se as cantidades xustificadas resultan inferiores ao 75 % do orzamento previsto na cláusula segunda, entenderase que a finalidade básica da subvención non foi cumplida e perderase o dereito ao cobro da mesma.

3. O importe do financiamento provincial farase efectivo con cargo á aplicación orzamentaria seguinte: Partida 0520/23132/481, por 40.000,00 €, do orzamento xeral para o 2015.

4. Con respecto ás anualidades futuras, advírtese a beneficiaria de que o compromiso de gasto queda condicionado a efectiva aprobación do orzamento para dito ano e a que exista no mesmo dotación orzamentaria axeitada e suficiente para afrontar o gasto.

5. A achega provincial é compatible coa percepción doutras subvencións ou axudas, públicas ou privadas, que a entidade beneficiaria obteña para a mesma finalidade.

6. No caso de que a concorrencia de axudas ou subvencións supere importe do gasto efectivamente xusticado, minorarase a achega provincial no importe necesario para darlle estricto cumprimento ao apartado anterior.

#### IV.- CONTRATACIÓN E EXECUÇÃO

1. O outorgamento dos contratos de servizos, asistencia ou subministros necesarios para a execución da actividade corresponde á beneficiaria. Non se poderá contratar a realización de prestacións con persoas ou entidades vinculadas á entidade beneficiaria, nin con cualquera outra na que concurra algúns das circunstancias ás que se refire o art. 29.7 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións.

2. Se o importe dalgúnha das prestacións supera os 18.000 euros, con carácter previo á contratación a entidade beneficiaria deberá solicitar cando menos tres presupostos a distintos provedores. Entre as ofertas recibidas, se deberá elixir unha delas de acordo con criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia sobre a oferta máis vantaxosa económica.

3. No caso de que a entidade beneficiaria tramite e aprobe algúna modificación do proxecto inicialmente aprobado, así como do contrato adxudicado, deberá remitir á Deputación un exemplar do Proxecto modificado, achegando co mesmo os informes emitidos e a certificación do correspondente acordo.

#### V.- PUBLICIDADE DO FINANCIAMENTO PROVINCIAL

1. Na publicidade pola que se dea a coñecer a realización das actividades, ben sexa por nos medios escritos, radiofónicos, audiovisuais ou internet, deberase facer constar sempre o financiamento da Deputación Provincial da Coruña.

2. Coa memoria e conta xustificativa achegaranse documentos que acrediten o cumprimento desta obriga da beneficiaria.

#### VI.- A XUSTIFICACIÓN NECESARIA PARA RECIBIR A ACHEGA PROVINCIAL

1. A achega da Deputación seralle aboada á beneficiaria unha vez que se presente a seguinte documentación:

- Memoria de actuación, subscrita polo representante legal da beneficiaria, xustificativa do cumprimento das condicións imposta neste convenio, coa indicación das actividades realizadas e dos resultados obtidos.
- Relación clasificada dos gastos realizados, no que se indiquen os acredores co seu NIF, os documentos xustificativos, os importes e, no seu caso, datas de pago. Con esta relación achegaranse os orixinais ou copias debidamente compulsadas das facturas e demás xustificantes de gasto. No caso de que se presenten copias compulsadas, con carácter previo á compulsa deberá estenderse unha dilixencia sobre o orixinal na que se deixe constancia de que foi presentada como xustificante de gasto para o cobro dunha subvención outorgada pola Deputación da Coruña.
- Acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social, segundo o previsto na cláusula OITAVA.
- Declaración doutras axudas ou subvencións solicitadas ou concedidas para a mesma finalidade.
- Proba do cumprimento das obrigas asumidas na cláusula QUINTA, mediante a aportación de documentos nos que conste a publicidade do financiamento provincial.

2. Para os efectos de cuantificar o gasto subvencionable xustificado en moeda distinta ao euro, o Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente determinará o tipo de cambio oficial aplicable, tendo en conta os criterios contables xeralmente admitidos. Todos os pagamentos que realice a Deputación serán en moeda euro.

#### VII. TERMO PARA A REALIZACIÓN DA ACTIVIDADE E PRAZO DE XUSTIFICACIÓN.

1. Os gastos de funcionamento obxecto de financiamento provincial, tal como están descritos na cláusula PRIMEIRA, deberán estar comprendidos no período 1.01.2015 a 31.12.2015.

2. Unha vez rematadas as actividades, a beneficiaria deberá presentar a xustificación documental á que se refire a cláusula SEXTA no prazo máximo de DOUS MESES antes do vencemento do período de vixencia do convenio establecido na cláusula DECIMOTERCEIRA.

3. De conformidade co disposto no artigo 70.3 do Regulamento da Lei de subvencións (Real decreto 887/2006, do 21 de xullo), transcorrido este derradeiro prazo sen que se teña recibido xustificación ningunha, a Unidade xestora remitiralle un requerimento á beneficiaria para que a presente no prazo improrrogable de QUINCE DÍAS. A falla de xustificación da subvención neste prazo excepcional conllevará a perda da subvención e demás responsabilidades previstas neste convenio e na lexislación aplicable ao respecto. Ainda así, a presentación da xustificación neste prazo adicional non eximirá á beneficiaria da sanción que, de conformidade co disposto na Lei de subvencións e na Base 55.6ª das de execución do orzamento da Deputación, lle poida corresponder.

4. O aboamento da subvención materializarase mediante ingreso na conta da entidade financeira indicada pola beneficiaria na documentación aportada. E se tiveran transcorrido máis de catro meses desde a axeitada e correcta xustificación dos compromisos adquiridos sen que tivera cobrado o importe que lle corresponda, a beneficiaria terá dereito ao aboamento dos xuros de demora, ao tipo de interés legal, que se devenguen desde a finalización do prazo de catro meses ata o momento no que se faga efectivo o pagamento.

#### VIII. ACREDITACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS DEBERES TRIBUTARIOS E SOCIAIS

1. A entidade beneficiaria deberá estar ao día, con carácter previo á sinatura deste convenio, e logo, con carácter previo ao pago da subvención, no cumprimento das obrigas tributarias coa Administración do Estado, coa Comunidade autónoma, coa Deputación Provincial da Coruña, e coa Seguridade Social.

2. A acreditación do cumprimento de ditas obrigas poderá realizarse mediante declaración responsábel expedida polo órgano competente, mediante a presentación dos correspondentes certificados ou ben autorizando á Deputación a que obteña telemáticamente os correspondentes certificados.

3. A acreditación do cumprimento das obrigas tributarias coa Deputación Provincial determinarase de oficio por ésta.

#### IX.- DESTINO E MANEXO DOS FONDOS RECIBIDOS

1. A beneficiaria destinará os fondos recibidos ao pagamento dos xustificantes de gasto presentados.

2. Co fin de garantir un axeitado control da aplicación dos fondos, o pagamento deberá quedar acreditado documentalmente mediante a utilización de transferencia bancaria, tarxeta de débito ou crédito, cheque nominativo ou calquera outro medio que deixe constancia da data de pago e da identidade do perceptor. Só excepcionalmente se poderá realizar o pago en metálico para gastos de ata 150,00 €, nos que non resulte posible a utilización dun dos medios anteriormente indicados.

3. Sen prexuízo dos libros e rexistros contábeis que as normas xerais ou sectoriais lle poidan impor, a beneficiaria deberá conservar polomenos cun rexistro cronolóxico de cobros e pagamentos nos que se inclúan, entre outros, os relativos aos gastos xustificados e aos ingresos declarados con respecto a esta subvención.

#### X.- CONTROL FINANCEIRO DA DEPUTACIÓN E DOS ÓRGANOS DE CONTROL EXTERNO

1. Consonte ao disposto nos artigos 44 e seguintes da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, e nos artigos 41 e seguintes da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a beneficiaria poderá ser escolexita pola Intervención provincial para a realización dun control financeiro sobre a subvención pagada, co fin de acreditar a efectiva aplicación dos fondos á finalidade para a que foron concedidos, o correcto financiamento da actividade e o cumprimento de tódalas demais obrigas formais e materiais que lle impón o presente convenio de colaboración.

2. Asemade, de acordo co previsto na lei 6/1985, de 24 de xuño, do Consello de Contas de Galicia, a beneficiaria queda sometida aos procedementos de fiscalización que levan a cabo o Consello de Contas de Galicia ou, no seu caso, segundo o previsto na Lei orgánica 2/1982, de 12 de maio, aos procedementos de enxuciamento contábel que poida incoar o Tribunal de Contas, e a calquera outro órgano de control, nacional ou europeo.

#### XI.- REINTEGRO, INFRACCIONES E SANCIÓN

1. O incumprimento dalgúnha das cláusulas previstas no presente convenio de colaboración poderá conllevar a obriga de reintegro parcial ou total dos fondos recibidos, así como ao pago dos xuros de demora que se devenguen desde o día no que se realizou o pago ata o momento no que se acorde a procedencia do reintegro.

2. Sen prexuízo do anterior, dito incumprimento tamén poderá ser constitutivo dalgúnha das infraccións tipificadas na Lei 38/2003, de 17 de novembro, ou na Lei 9/2007, de 13 de xuño, de subvencións de Galicia, sénolle de aplicación o cadre de sancións previstos nas normas citadas.

3. De conformidade co disposto na Base 55.6 das de Execución do Orzamento da Deputación, o retraso na realización da actividade conllevará unha sanción dun 10 por 100 do importe da subvención co límite de 75,00 € se o retraso non excede de tres meses. Se o retraso na realización da actividade excede de tres meses, a sanción será dun 20 por 100 da subvención outorgada co límite de 150,00 €.

4. E se o retraso se produce no prazo de xustificación e non excede dun mes, a sanción prevista na Lei impórse no grao mínimo e será do 10 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 75,00 €. Se excede dun mes e non chegase a tres, a sanción impórse no seu grao medio e será do 20 por 100 do importe da subvención outorgada co límite de 400,00 €. E se a extemporaneidade da xustificación excede de tres meses, a sanción impórse no seu grao máximo e suporá o 30 por 100 do importe da subvención, sen que poida superar o importe de 900,00 €.

#### XII.- INCORPORACIÓN AO REXISTO PÚBLICO DE SUBVENCIÓN E PUBLICACIÓN DA SUBVENCIÓN CONCEDIDA

1. No cumprimento do disposto no artigo 20.1 da Lei 38/2003, xeral de subvencións, e demais normativa de desenvolvemento, os datos da subvención concedida e a identificación da beneficiaria serán remitidas á Intervención xeral do Estado, para que sexan incorporados á Base de Datos Nacional de Subvencións, coa exclusiva finalidade prevista en dito precepto e co debido respecto á protección dos datos de carácter persoal, segundo o previsto na Lei orgánica 15/1999, de 13 de decembro.

2. Asemade, no cumprimento do disposto no artigo 16.3 da Lei 9/2007, de 13 de xuño, de Subvencións de Galicia, a Deputación remitiralle a mesma información á Consellería de Economía e Facenda, co fin de que a incorpore ao Rexistro público de axudas, subvencións e convenios da Comunidade autónoma de Galicia.

3. Segundo o previsto no artigo 18 da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de subvencións, a concesión da subvención á beneficiaria será publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña e na páxina web dicoruna.es

4. Un exemplar deste convenio, debidamente asinado, será incorporado ao Rexistro de convenios que depende do Servizo de Patrimonio e contratación da Deputación.